

CEPILLO

Texto de PERE CALDERS

Ilustracións de CARMÉ SOLÉ VENDRELL

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 21,5 x 28,5 cm. 32 páx. 16 €.

Cepillo (galego)

ISBN 978-84-8464-979-3. MareMar.

Cepillo (castelán)

ISBN 978-84-8464-980-9. Libros para soñar.

PREMIO LAZARILLO DE ILUSTRACIÓN, 1981

PREMIO SERRA D'OR, 1981


PREMIO GENERALITAT DE CATALUNYA, 1982

...O pequeno Sala tivo un desgusto de morte. Pensaba que xa non atoparía a forma de continuar vivindo porque, sen o can, calquera cousa era aburrida e sen sentido. Tras o momento das bágoas, o problema que tiña que resolver era o de atopar un destino acorde á cantidade de afecto que a ausencia de Turco deixara...

Brinca coma un can, recoñece a súa voz coma un can e ladra coma un can... pero non é un can! Neste entrañable relato, que trata un tema cotiá cheo de maxia e tenrura, a forza do amor e a ilusión dun neno conseguen o impensable: que un simple cepillo se convirte en animal de compañía.

Un clásico da literatura catalana traducido á nosa lingua, que destaca polo seu pulido estilo literario a través da ironía, do absurdo e do compoñente fantástico. Así, o protagonista atópase con que o cepillo que trata como se fose un can, cobra vida e axuda a familia nun perigoso trance, malia o escepticismo inicial dos pais, que non crían que o obxecto co que xogaba o seu fillo fose unha mascota de verdade. Unha obra mestra de Pere Calders que, dende o mundo infantil, cuestiona a realidade lóxica dos adultos...

Merecedoras do Premio Lazarillo de Ilustración en 1981, nas imaxes de Carme Solé Vendrell resaltan a representación dos espazos domésticos e os distintos estados de ánimo do cativo, con cores suaves e cun coidado tratamento da luz.



CEPILLO

Pere Calders
Carme Solé Vendrell

Kalandraka

■ **Temática:** un cepillo que se converte en animal de compañía.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** da autora de “A lúa de Xoán”; relación pais/fillos; imaxinación, tesón, vontade, confianza; xogo, fantasía; obxectos cotiás; mascotas.

Pere Calders

(Barcelona, 1912 - 1994)

Autor de contos e de novelas, tamén foi debuxante e estudou na Escola Superior de Belas Artes de Barcelona. Aos 14 anos escribiu o seu primeiro relato, que se publicou en 1936 nunha colección de textos breves. Traballou na redacción do Diari Mercantil e colaborou en Diari de Barcelona, La Rambla e noutras publicacións. Tras permanecer en dous campos de concentración pola súa pertencenza ao exército republicano, exiliouse en México, onde seguiu escribindo, ata o seu regreso a Barcelona en 1962. Recibiu os premios Víctor Català (1954), Premio Sant Jordi (1964), Lletra d'Or (1979), Joan Crexells (1986) e o Premio de Honra das Letras Catalanas (1986). A súa obra, na que sobresaen “Cròniques de la veritat oculta”, traducíuse a numerosas linguas.

Carme Solé Vendrell

(Barcelona, 1944)

Estudou pintura na Escola Massana de Barcelona. Editou o seu primeiro libro en 1968 e, dende entón, ilustrou máis de 700 títulos, entre álbums e libros de texto, publicados en numerosos países. Entre as súas exposicións destacan as antolóxicas en Taiwán (1997) e Barcelona (2001). Colabora con revistas infantís e realiza traballos de escenografía, dramaturxia, cartelismo e animación. Impartiu cursos de ilustración e conferencias en Europa, América e Asia. É socia fundadora da Asociación Profesional de Ilustradores de Cataluña. Entre os galardóns que recibiu resaltan: Janusz Korczak 1979, Premio Nacional de Ilustración 1979, Catalònia 1984, Crítici in Erba 1992, Octogone la Fonte 1992, Creu de Sant Jordi 2006, Premio Nacional de Cultura/Cómic 2012, Premio Nacional de Ilustración 2013 polo conxunto da súa obra. Dende 1992 compaxina a ilustración e a pintura.
<http://www.carmesolevendrell.com>